

DEREITO SOCIAL LEGAL DE GALICIA

LEXISLACIÓN

- Relación de normas publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG)
- Relación de normas publicadas no Boletín Oficial do Estado (BOE)
- Relación de disposicións publicadas no Diario Oficial das Comunidades Europeas (DOCE)

DEREITO SOCIAL GALIEGA DE

**RELACIÓN DE NORMAS PUBLICADAS NO DIARIO
OFICIAL DE GALICIA (DOG)**

1º semestre

Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002.

(DOG 02.05.2002)

Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.

(DOG 02.05.2002)

Decreto 147/2002, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

(DOG 30.04.2002)

Decreto 148/2002, do 18 de abril, polo que se establece no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o Programa Labora: Xuventude con Experiencia.

(DOG 30.04.2002)

Orde do 23 de novembro de 2001, pola que se fixa o prezo de venda ó público d publicación: Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (Pedega) 2000.2006.

(DOG 04.01.2002)

Orde do 28 de decembro de 2001 pola que se convocan e aproban as bases polas que se regula a concesión de axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais.

(DOG 17.01.2002)

Orde do 8 de marzo de 2002 pola que se regulan as bases que rexen as axudas para actividades dirixidas á xuventude programadas por concellos.

(DOG 20.03.2002)

Orde do 28 de marzo de 2002 pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro para o exercicio do ano 2002 e se procede á súa convocatoria.

(DOG 22.03.2002)

Orde do 21 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

(DOG 27.03.2002)

Orde do 22 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorece-la conciliación da vida laboral e familiar.

(DOG 27.03.2002)

Orde do 15 de marzo de 2002 pola que se desenvolven accións, dirixidas á promoción e divulgación do cooperativismo e a economía social.

(DOG 01.04.2002)

(CORRECCIÓN DE ERROS DOG 03.04.2002)

Orde do 5 de abril de 2002 pola que se establecen os programas de fomento do emprego en empresas de economía social, para a promoción do emprego autónomo e para a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e traballo autónomo.

(DOG 15.04.2002)

(CORRECCIÓN DE ERROS DOG 26.04.2002)

Orde do 12 de abril de 2002 pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas para o exercicio do ano 2002 da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinadas ó financiamento de acción de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria.

(DOG 18.04.2002)

(CORRECCIÓN DE ERROS DOG 03.06.2002)

Orde do 4 de abril de 2002 pola que se desenvolve o Decreto 344/1999, do 23 de decembro, e se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións ó programa de escolas obradoiro e casas de oficios, así como se procede á súa convocatoria.

(DOG 19.04.2002)

Orde do 4 de abril de 2002 pola que se desenvolve o Decreto 171/1999, do 27 de maio, e se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións ó programa de obradoiros de emprego, así como se procede á súa convocatoria.

(DOG 22.04.2002)

Orde do 4 de abril de 2002 pola que se desenvolve o Decreto 134/2001, do 7 de xuño e se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións ó funcionamento das unidades de promoción e desenvolvemento así como se procede á súa convocatoria.

(DOG 29.04.2002)

Orde do 29 de abril de 2002 pola que se regula o réxime e a convocatoria de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego ou como iniciativas de emprego rural.

(DOG 09.05.2002)

Orde do 30 de abril de 2002 pola que se convocan axudas para o mantemento de centros de atención á primeira infancia dependentes das corporacións locais.

(DOG 13.05.2002)

Orde do 3 de maio de 2002 pola que se abre un novo prazo de presentación de solicitudes para a impartición dun módulo ambiental nos cursos do Plan FIP por parte das entidades que teñan cursos programados no ano 2002 ó abeiro da Orde do 22 de novembro de 2001, pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ó exercicio do ano 2002.

(DOG 14.05.2002)

Orde do 30 de abril de 2002 pola que se regulan as axudas para mantemento de centros e servicios dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

(DOG 14.05.2002)

Orde do 6 de maio de 2002 pola que se resolve a convocatoria da segunda edición do premio A empresa en favor da familia.

(DOG 15.05.2002)

Orde do 16 de maio de 2002 pola que se determinan os servicios mínimos que hai que manter durante a folga convocada na empresa "Ruta Bus, S.A."

(DOG 23.05.2002)

Orde do 26 de abril de 2002 pola que se fixa o prezo de venda ó público da publicación "Límites de exposición Profesional para Axentes Químicos 2001-2002".

(DOG 30.05.2002)

Orde do 29 de maio de 2002 pola que se modifica a do 20 de novembro de 2001, pola que se establecen axudas periódicas de prevención e apoio a familias para a integración do menor.

(DOG 05.06.2002)

Orde do 27 de maio de 2002 pola que se regula o funcionamento dos centros asociados ó Servicio Gelego de Colocación e se establecen as bases e a convocatoria para a concesión das compensacións económicas das accións que van a realiza-los centros asociados.

(DOG 06.06.2002)

Orde do 6 de xuño de 2002 pola que se modifica a do 21 de maio de 2002 pola que se establece a convocatoria pública e as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

(DOG 19.06.2002)

Orde do 14 de xuño de 2002 pola que se regulan axudas ás familias nas que se produce un parto múltiple, adopción ou acollemento preadoptivo de varios menores.

(DOG 25.06.2002)

Resolución do 10 de xaneiro de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena a publicación do pacto polo que se establecen as bases do servizo de transporte interurbano subvencionado para o persoal dos servicios centrais da Xunta de Galicia, que prestará a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, subscrito entre a referida consellería e os representantes dos órganos sindicais dos servicios centrais, xunta de persoal e comité de empresa o 31 de xullo de 2001.

(DOG 17.01.2002)

Resolución do 19 de decembro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, complementaria da do 14 de novembro, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2002, correspondentes ós concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG 21.01.2002)

Resolución do 10 de maio de 2002, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ó acordo da comisión paritaria de acción social sobre os criterios de reparto do fondo de acción social para o ano 2002 do persoal ó servizo da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG 27.05.2002)